

Declaración institucional 8 de marzo de 2012

Escrito por Administrator

Venres, 09 Marzo 2012 13:00 - Modificado o Venres, 09 Marzo 2012 13:07

Como cada ano, conmemoramos o Día Internacional da Muller, data en que resulta imprescindible realizar unha defensa sen concesións dos dereitos de todas as mulleres do Planeta, e data en que cómpre reivindicarmos estes dereitos cunha forza especial, cun ímpeto colectivo que ha de impulsarnos a recoñecer o traballo realizado por tantas e tantas mulleres a prol da Igualdade.

Neste contexto, resulta imprescindible que todas as Administracións, en particular as máis próximas á cidadanía, os Concellos, procedan a implementar as medidas necesarias en todas e cada unha das súas políticas para contribuír a erradicar de xeito definitivo, as desigualdades entre homes e mulleres, que a día de hoxe continúan presentes na nosa sociedade.

A situación das mulleres ten evolucionado de xeito vertixinoso dende que un millón de mulleres, en varios países europeos, se reuniran un 19 de marzo de 1911, para reivindicar publicamente o que por natureza lles correspondía. Pero non podemos esquecer que, un século despois, aínda nos quedan obxectivos pendentes de cumprir.

As leis, con firmes e claros contidos e compromisos de igualdade, son instrumentos indiscutiblemente valiosos para o fin que nos propoñemos, pero ademais, é imprescindible un compromiso de todas e todos, un esforzo tanto individual como colectivo para chegar a alcanzar a igualdade real, superando deste xeito todas aquelas barreiras, que impiden o salto definitivo dende a igualdade legal á igualdade efectiva.

Os plans de igualdade de oportunidades son, así mesmo, unha ferramenta axeitada, para acadar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. A Corporación municipal do Concello de Ferrol, tal e como ten establecido o II Plan de Igualdade (2010-2014) do Concello de Ferrol, amosa a súa vontade política para implicarse na sensibilización de todos os axentes que teñen relación coa xestión local, e introducir de forma transversal a perspectiva de xénero na súa acción política e administrativa.

A Plataforma de Acción de Beijing, (Beijing 1995) organizada por Nacións Unidas, ten servido durante estes anos para deseñar as estratexias de intervención que permiten aplicar os principios de transversalidade e empoderamento na xestión das políticas públicas.

Declaración institucional 8 de marzo de 2012

Escrito por Administrator

Venres, 09 Marzo 2012 13:00 - Modificado o Venres, 09 Marzo 2012 13:07

Aínda así, nestes momentos, evidéncianse importantes brechas de xénero. Por este motivo, debemos darlles un pulo ás novas actuacións que garantan, dende a sostibilidade económica, imprescindible nestes momentos, pero tamén dende a social, o benestar da cidadanía.

A responsabilidade do privado segue a recaer, case en exclusiva, nas mulleres. Debemos contribuír a que os homes se conciencien e compartan as responsabilidades familiares. A corresponsabilidade entre os homes e as mulleres, o acceso destas ao mercado laboral en condicións de igualdade, o acceso das mulleres aos postos de responsabilidade no ámbito público han de ser o obxectivo primordial que nos temos que marcar, para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria.

As políticas de igualdade entre mulleres e homes teñen, con carácter indiscutible, unha importante rendibilidade económica, contribúen a maiores taxas de actividade e, polo tanto, garanten maior achega á riqueza da nosa terra. A igualdade de oportunidades é, ademais dunha obriga por lei, un elemento de desenvolvemento económico que garante a cohesión social.

O Concello de Ferrol aposta pola importancia da educación como ferramenta de traballo para lograr o investimento dos roles e estereotipos sexistas que aínda prevalecen no imaxinario colectivo, intensificando esforzos para que os nenos e nenas de Ferrol reciban unha educación en igualdade, reforzando os piares sobre os que se han de erguer as estruturas necesarias para destruírmos a cadea do maltrato asociado á posición de inferioridade en que, consecuencia dunha educación patriarcal, se segue colocando en moitas ocasións as mulleres, nunha condición de inferioridade con respecto aos homes.

En consecuencia, asumindo o firme obxectivo de seguir traballando a prol da igualdade efectiva e en contra de toda discriminación por razón do sexo, o Pleno do Concello de Ferrol co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller, asume os seguintes compromisos:

- Facer público e reiterar o noso compromiso coa igualdade de oportunidades.
- Impulsar as accións positivas necesarias para a efectiva participación das mulleres en todos os ámbitos da vida política, social, laboral, económica e financeira.

Declaración institucional 8 de marzo de 2012

Escrito por Administrator

Venres, 09 Marzo 2012 13:00 - Modificado o Venres, 09 Marzo 2012 13:07

- Promover e apoiar todas aquelas medidas favorecedoras da concienciación social sobre a importancia da tolerancia entre homes e mulleres, a conciliación da vida persoal e familiar e a erradicación da violencia contra as mulleres.